

**Acordo do Consello de Goberno da Universidade da Coruña, de 28 de abril de 2026, polo que se aproba o Calendario académico da Universidade da Coruña para o curso 2026/27.**

De acordo co establecido no artigo 104.2.g dos Estatutos da UDC é competencia do Consello de Goberno aprobar a programación docente da universidade

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión ordinaria de 28 de abril de 2026, acordou a aprobación do Calendario académico da Universidade da Coruña para o curso 2026/27 que figura como Anexo.

O reitor

## Anexo: Calendario académico da Universidade da Coruña para o curso 2026/27

### 1. CURSO ACADÉMICO

O curso académico 2026/27 abarcará dous períodos académicos e comprenderá desde o 1 de setembro de 2026 ata o 31 de agosto de 2027.

Considerarase alumnado do curso académico 2026/27 aquel que deba ser avaliado das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 30 de setembro de 2027, conforme se establece neste calendario.

### 2. PERÍODOS LECTIVOS

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 7 de setembro ao 18 de decembro de 2026

**Segundo cuadrimestre:** desde o 25 de xaneiro ao 14 de maio de 2027

Co fin de facilitar a **planificación docente dos másteres**, e cando non necesiten utilizar o período de avaliación, poderán aprazar o inicio das súas actividades docentes do primeiro cuadrimestre ata o 19 de outubro e prolongalas ata o 22 de xaneiro de 2027. Neste caso, o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Estas modificacións non poderán afectar as datas de entrega de actas establecidas neste calendario.

Por razóns de coordinación, os **estudos interuniversitarios** poderán adaptar estes períodos lectivos aos calendarios que se establezan coas outras universidades participantes.

As posibilidades recollidas nos dous parágrafos anteriores necesitan a autorización da persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Para iso, a persoa coordinadora na UDC dos estudos afectados deberá enviar, por correo electrónico e antes do 1 de outubro de 2026, a súa solicitude debidamente xustificada ao Servizo de Organización Académica ([soa@udc.gal](mailto:soa@udc.gal)) para a súa tramitación.

### 3. PERÍODOS DE AVALIACIÓN

Para a súa avaliación, o estudiantado de grao e máster terá dereito en cada curso académico a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

| Oportunidades                                    | Datas de avaliación                                     | Data límite de sinatura e entrega de actas |
|--|---|--|
| <b>Adianto de oportunidade</b>                   | Do 16 de novembro ao 4 de decembro de 2026 <sup>1</sup> | 11 de decembro de 2026                     |
| <b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>         | Do 7 ao 22 de xaneiro de 2027                           | 5 de febreiro de 2027                      |
|  | Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros      | 1 de marzo de 2027                         |
| <b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b> | Do 18 de maio ao 4 de xuño de 2027                      | 18 de xuño de 2027                         |
|  | Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros      | 2 de xullo de 2027                         |
| <b>2ª oportunidade</b>                           | Do 21 de xuño ao 9 de xullo de 2027 <sup>2</sup>        | 16 de xullo de 2027                        |
|  | Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros      | 30 de setembro de 2027                     |

<sup>1</sup> As datas de avaliación correspondentes ao adianto de oportunidade serán establecidas polos centros só no caso de existir solicitudes.

<sup>2</sup> Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre e/ou anuais.

Para a avaliación das Prácticas que utilicen actas individualizadas e dos TFG/TFM, o estudiantado de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades, de acordo co seguinte calendario:

|   | <b>Datas de avaliación</b>  | <b>Data límite de sinatura e entrega de actas</b> |
|---|---|---|
| <b>TFG/TFM</b>                            | Nas datas fixadas polos centros, respectando a norma que regula o TFG/TFM | 30 de setembro de 2027                            |
| <b>Prácticas</b> (actas individualizadas) | Nas datas fixadas polos centros   | 30 de setembro de 2027                            |

Ademais, no caso das titulacións de grao, os centros deberán fixar datas de defensa e peche de actas individualizadas de TFG e Prácticas anterior ou igual **á data que resulte de restar cinco (5) días naturais ao día que remate o prazo ordinario de preinscripción en mestrados para o curso 2027/28**, co fin de garantir que o estudiantado que finalice a súa titulación ata a data resultante poida prescribirse nos mestrados da UDC dentro do dito prazo ordinario. Cando a data resultante recaia en día non lectivo, a data límite desprazarase ao día lectivo inmediatamente anterior.

A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizaranse conforme ao disposto na normativa vixente da UDC que regule a matrícula e defensa do TFG e TFM.

Os **estudios interuniversitarios** poderán adaptar as datas de avaliación aos calendarios que, de modo coordinado, se establezan coas outras universidades participantes, tras a autorización da persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Para iso, a persoa coordinadora na UDC dos estudos afectados deberá enviar, por correo electrónico e antes do 1 de outubro de 2026, a súa solicitude ao Servizo de Organización Académica ([soa@udc.gal](mailto:soa@udc.gal)) para a súa tramitación.

Non se permitirá cambio nas datas de peche de actas das distintas oportunidades agás por causas de forza maior debidamente xustificadas e con autorización da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. No caso de que as datas de peche de actas das distintas universidades participantes nalgún título interuniversitario non concorden coas establecidas neste calendario, as comisións interuniversitarias deberán acordar as datas que utilizarán, pero sempre respectando as que figuran neste documento.

#### 4. PERÍODOS NON LECTIVOS

As actividades académicas docentes e de avaliación de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 21 de decembro de 2026 ata o día 6 de xaneiro de 2027 (ambos incluídos); os días 8 e 9 de febreiro de 2027, desde o 22 ao 29 de marzo de 2027 (ambos incluídos) e o mes de agosto. Quedarán exceptuadas desta prescrición as Prácticas Académicas Externas.

Terá carácter festivo o día 29 de xaneiro de 2027 pola festividade do Día da Universidade. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se coincidisen en mércores trasladaranse ao venres. As que coincidan en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivo.